

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia (ANEDIA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia (ANEDIA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2027-2028, isto é o día 31 de agosto de 2028, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia (ANEDIA) nas accións dirixidas ao coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos de vida saudable.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia (ANEDIA) é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, integrada por pais e nais e demais persoas sensibilizadas ou afectadas por diabetes, especialmente Diabetes Tipo I, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Asesorar e proporcionar axuda social, sanitaria, psíquica, física, laboral, legal, terapéutica e asistencia a tódalas persoas afectadas por Diabetes Tipo I de menos de 30 anos, así como os seus familiares e entorno social, co fin de lograr a integración total desde colectivo, facendo fronte a enfermidade de forma activa e positiva.
- b) Facilitar o benestar social dos menores de 30 anos con Diabetes Tipo I, colaborando e contribuíndo coas entidades públicas no establecemento de cantas disposicións legais sexan necesarias para fomentar e garantir a máxima protección posible deste colectivo, e se evite calquera prexuízo social lográndose a total integración social.
- c) Estimular, fomentar e propor o estudo, investigación experimental e clínica e desenvolvemento sobre as causas e tratamento da diabetes en menores, así como os métodos curativos a través dos diferentes profesionais da saúde. Colaborar na realización de estudos de carácter educativo, social, xurídico, psicolóxico, epidemiolóxico, ou outros, que faciliten a solución dos problemas do menor de 30 anos con Diabetes Tipo I.
- d) Prestación de servizos de prevención e promoción da autonomía persoal axeitada á topoloxía dos usuarios da entidade.
- e) Reivindicar a asistencia médica, especializada e multidisciplinar para tódolos menores de 30 anos con Diabetes Tipo I.
- f) Instar á Administración Sanitaria e á Administración Educativa para que proporcione tódolos medios necesarios para o auto-coidado da diabetes.
- g) Proporcionar información e unha axeitada Educación Diabetolóxica, teórica e práctica, a socios, familiares, escolas e poboación en xeral. Fomentar unha Educación Diabetolóxica de calidade para todos.



- h) Defender os dereitos dos menores de 30 anos con Diabetes Tipo I có fin de conseguir a súa plena integración escolar, social e laboral.
- i) Resolver as necesidades dos menores de 30 anos nos ámbitos sanitario, escolar, familiar, universitario, laboral, etc., derivados da súa condición de menor, mozo ou moza con Diabetes Tipo I.
- j) Promover, crear e organizar accións sociais, sanitarias, educativas, informativas, de concienciación, divulgación, etc... a través de proxectos de sensibilización e normalización para a sociedade e as institucións.
- k) Potenciar a relación entre nenos, nenas, mozos, mozas-familiares de menores de 30 con Diabetes Tipo I e prestar apoio ós familiares.
- l) Establecer relacións con outras asociacións de persoas con diabetes e con outros colectivos relacionados directa ou indirectamente coa diabetes.
- m) Promoción, intervención e integración de proxectos sociais, sanitarios, discapacidades invisibles e educativos.
- n) Promover e crear os servizos sociais, de asistencia técnica e xestións especializada que se estimen oportunos segundo as circunstancias da Diabetes Tipo I e das persoas con menos de 30 anos que a padecen, supervisadas polos correspondentes profesionais a materia, sobre todo en tema de discapacidade e minusvalía.
- o) Realizar tódalas accións precisas para o logro dos fins mencionados e que sirvan para mellorar a calidade de vida do menor de 30 anos con Diabetes tipo I.
- p) Abrir delegacións en calque lugar de Galicia, para desenvolver axeitadamente calquera programa ou proxecto.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no



desenvolvemento de accións dirixidas ao coñecemento da diabetes e a promoción de hábitos de vida saudable, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

